



Grupo Parlamentario

A Mesa do Parlamento

Carmen Cajide Hervés e M^a Soledad Soneira Tajés, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Unha das principais prioridades políticas dos e das socialistas de Galicia é facer un aproveitamento sostible dos nosos recursos naturais, e recuperar, na medida do posible, a lamentable herdanza recibida dos Gobernos do Partido Popular pola explotación desmedida e o abandono total dos ríos galegos.

Outra das nosas prioridades é facilitar servizos municipais de calidade. Nese senso, os concellos de Cuntis e Moraña hai anos que facilitan auga corrente aos seus veciños e veciñas dunha captación no río Umia, a altura da parroquia de Codeseda (A Estrada).

Hoxe, podiamos ver en todos os medios de comunicación como este servizo se vía afectado por unha mancha de lodo de máis de trescentos metros. Algo que nos confirmaba o concelleiro de Medio Ambiente do Concello de Cuntis, Manuel Campos Velai, que alertado pola gravidade do problema, percorreu a zona afectada acompañando ao Axente da zona de Augas de Galicia, para proceder á inspección e investigación do caso.

No percorrido polas marxes do Umia, ao seu paso pola parroquia de Codeseda (A Estrada), puideron comprobar que se están a realizar obras da execución da Concentración Parcelaria da citada parroquia de A Estrada, con cotas moi elevadas en relación coa cota do nivel do río Umia. Así mesmo, puideron comprobar que as choivas da noite anterior se atoparon cuns recheos pouco compactados, motivo polo cal foi a parar ao Río a terra, barro e outros materiais utilizados para ditos recheos.

Todo iso, fixo que unha gran turbidez que se dirixira ao punto de captación de auga para o subministro dos pobos de Cuntis e Moraña ocasionando graves problemas ao servizo municipal de augas.



Grupo Parlamentario

A día de hoxe, aínda se pode apreciar moita turbidez na auga, en toda a zona do río afectada. Ademais, unha gran capa de lodos e terra quedou asentada na zona coñecida por “As Tezas”, supoñendo unha ameaza ante novas choivas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas dirixidas á Consellería de Medio Rural:

- 1.- Cántase co expediente completo para a execución das obras da concentración parcelaria de Codeseda?
- 2.- Cal é o Plan de seguimento e control das obras por parte da Administración?
- 3.- Cal é a valoración da Consellería e que medidas vai tomar para garantir aos concellos de Cuntis e Moraña normalizar o servizo de auga municipal?
- 4.- Que medidas correctoras se lle van a esixir á empresa responsable da obra (DAGO S.L.) para deixar esa zona do Umia limpa e protexida?

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2008

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
M^a Soledad Soneira Tajés
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Cajide Hervés na data 10/10/2008 10:39:35

María Soledad Soneira Tajés na data 10/10/2008 10:39:47